



## CONCELLO DE ROIS

### DECRETO DE ALCALDIA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

### ANTECEDENTES:

No ano 2023 asínase o Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Rois, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2023-2024.

Este convenio ten por obxecto acordar a participación e colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Rois no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos.

Esta alcaldía, no uso das atribucións que lle outorga o artigo 21.g) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

### DECRETO:

**Primeiro.-** Efectuar a convocatoria pública para a contratación en réxime de persoal laboral de dous condutores de motobomba baixo a modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción.

**Segundo.-** Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Documento asinado electronicamente.

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero